



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 03 DE AGOSTO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00037016K.

Ratificar a urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00034620V.

Posta a disposición da subparcela catastral a da parcela 1327 de concentración de Sabugueira para a realización de obras para a anexión ao Ceip Mestre Rodríguez Xixirei.

Acórdase:

1. A posta a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia da subparcela "A", que forma parte da parcela municipal 1327 da concentración parcelaria de Sabugueira-Carballal para a realización de obras contidas na memoria valorada ". Proposta de peche de parcela para usos educativos no Ceip Mestre Rodríguez Xixirei de Santiago de Compostela" de 25/06/21 coa finalidade de que se poidan realizar as obras contidas na mesma.

a) Faise constar que esta posta a disposición supón unha autorización de propiedade para acometer as obras, pero non prexulga outras autorizacións que sexan necesarias para executar estas obras e o cumprimento dos seus termos.

b) En todo caso, calquera responsabilidade derivada da obra corresponderá ao Consellería de Educación.

c) Corresponderá á Consellería de Educación contratar, dirixir e executar as obras previstas nesa memoria, por conta dos seus orzamentos, debendo ademais informar ao Concello sobre o inicio e remate das mesmas e sobre calquera outra incidencia relativa a estas.

d) Rematados os prazos de garantía destas obras, serán entregadas ao Concello, xunto cos terreos mediante formalización da pertinente acta de devolución e entrega.

Para tal fin, unha vez rematadas, a Consellería de Educación porao en coñecemento do Concello, aos efectos de que este poida expoñer, no seu caso, as deficiencias detectadas para a súa corrección previa á recepción das obras pola Consellería de Educación.

e) Esta posta a disposición durará todo o tempo que dure a execución da obra autorizada no seu caso no acordo de concesión de licenzas.

2. Solicitar á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN a afectación educativa da subparcela que forma parte da parcela municipal 1327 da concentración parcelaria de Sabugueira-Carballal.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033255D.

Aprobación do expediente denominado Execución do proxecto "Ampliación da rede de abastecemento en Piñeiro de Enfesta, Frades e Gunín (Enfesta) " (POS+Adicional 2/2020) e a apertura do procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto.

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente denominado Execución do proxecto "Ampliación da rede de abastecemento en Piñeiro de Enfesta, Frades e Gunín (Enfesta) " (POS+Adicional 2/2020) e a apertura do procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto, establecéndose un tipo de licitación de **84.787,9 euros** (70.072,65 euros + 21% da cantidade anterior) ascende a 14.715,25 euros.

Segundo: Aprobar o gasto preciso para o financiamento deste contrato con cargo á aplicación orzamentaria 100 16100 6090000 2 PPROV 35 6.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00017747A.

Adxudicar "Execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal" a favor da empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA.

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, por un importe de **505.715,43 euros** (417.946,64 euros + IVE aparte 21%: 87.768,79 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un xefe de obra técnico titulado superior a xornada completa, dous técnicos adicionais (arquitecto técnico e enxeñeiro técnico de obras públicas), a posta a disposición do Concello dunha caseta ou espazo habilitado con medios informáticos e sala de reunións, unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos e un incremento do 2% do orzamento de control de calidade e do 2% no programa de actuación ambiental.

O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 15321 6190001 2020 4 RTLOU 62 1.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022542Z.

Adxudicar "Execución do proxecto de Rexeneración do pavimento da calzada da Avda. de Asturias" a favor da empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS.

Acórdase:

-Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, por un importe de **338.214 euros** (279.515,70 euros+ IVE aparte 21%: 58.698,30 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos e un incremento do 2% do orzamento de control de calidade e do programa de actuación ambiental.

-Aprobar e dispoñer o gasto necesario para o financiamento deste contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 040 15320 6190001 2020 4 RTLOU 62 8.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/5/2019 Lote II.

Prórroga contrato para a subministración de material de oficina para o Concello de Santiago de Compostela. LOTE II: folios, sobres e carpetas coa imaxe corporativa do Concello.

Acórdase:

Primeiro. Prorrogar o contrato subscrito coa empresa GERSA INFORMÁTICA SL para a *subministración de material de oficina para o Concello de Santiago de Compostela. LOTE II: folios, sobres e carpetas coa imaxe corporativa do Concello*, polo prazo de dous anos a contar dende o 5 de setembro de 2021 e ata o 4 de setembro de 2023.

Segundo: Aprobar o gasto necesario para o financiamento deste contrato con cargo a aplicación orzamentaria 030 92000 2200000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 4.042,46 euros.
Anualidade 2022: 12.127,37 euros.
Anualidade 2023: 8.084,91 euros

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00025909T.

Adxudicar “Acondicionamento da praza de acceso ao campo de fútbol de Santa Isabel” a favor da empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO SL

Acórdase:

- Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO SL, por un importe de **53.189,91 euros** (43.958,60 euros + IVE aparte 21%: 9.231,31 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un xefe de obra técnico titulado superior con dedicación total, dous técnicos adicionais, unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos e un incremento do 2% do orzamento de control de calidade e do programa de actuación ambiental.

-Aprobar e dispoñer o gasto necesario para o financiamento deste contrato, que se imputará á aplicación orzamentaria 090 34200 6190000 2020 2 ACISA 46.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00020204E.

Aprobar o expediente denominado Contratación dun seguro de responsabilidade civil patrimonial do Concello de Santiago de Compostela e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase

Primeiro. Aprobar o expediente denominado *Contratación dun seguro de responsabilidade civil patrimonial do Concello de Santiago de Compostela* e a apertura do procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto, establecéndose un tipo de licitación de 300.000 euros exento de IVE.

Segundo: Aprobar o gasto preciso para o financiamento deste contrato con cargo á aplicación orzamentaria 030 92000 2240200, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 62.500 euros.

Anualidade 2022: 150.000 euros.

Anualidade 2023: 87.500 euros.

9. COMERCIO. Referencia: 2021/00033597Y.

Corrección de erro material en acordo da sesión do 2 agosto de 2021 relativo á aprobación das bases da convocatoria do procedemento de selección de entidade colaboradora para a entrega e distribución dos bonos corazón Compostela.

Acórdase a seguinte corrección de erro material existente no Acordo de Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria do 2 de agosto de 2021 relativo á aprobación das bases de convocatoria do procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do Concello de Santiago, a través dos bonos Corazón Compostela Incorporar na base 8, entre a documentación complementaria a achegar polas persoas interesadas, o seguinte documento:

✓ *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de entidade colaboradora segundo o disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.*

O resto do acordo mantense nos mesmos termos adoptados no seu momento.